



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

BASES DO XI CERTAME GALEGO DE CORAIS “VILA DE ARBO”.

PRIMEIRA.OBXETO E CONVOCATORIA

O Certame de Corais Vila de Arbo é un evento anual que busca apoiar e fomentar a cultura musical polifónica. Este certame consolidouse como un referente para os amantes da música coral, ofrecendo unha plataforma para que coros de diversas localidades poidan mostrar o seu talento e compartir a súa paixón pola música.

O obxectivo principal do Certame de Corais Vila de Arbo é incentivar a modalidade polifónica, un estilo musical que destaca pola súa riqueza harmónica e a súa capacidade para unir voces nun conxunto harmonioso. Ademais, o certame busca:

Promover a cultura musical: Fomentar o interese pola música coral e a súa apreciación na comunidade.

Incentivar a participación: Ofrecer un espazo para que coros de diferentes rexións poidan participar e mostrar o seu traballo.

Fortalecer a comunidade musical: Crear lazos entre os participantes e o público, fortalecendo a comunidade cultural na rexión.

O certame está organizado polo Concello de Arbo, quen traballa en estreita colaboración coa Coral Polifónica de Arbo e a Federación Coral Galega (FECOGA). A colaboración coa Coral Polifónica de Arbo e FECOGA asegura un estándar de calidade na organización e execución do evento, brindando unha contorna profesional e acolledora para todos os participantes.

O XI Certame de Corais “Vila de Arbo” terá lugar o día 22 de marzo do 2026 en horario de tarde no Auditorio Segundo Gil Davila de Arbo.

Para poder levar a cabo o certame de maneira efectiva, estableceuse que debe haber un mínimo de tres corais seleccionadas. No caso de que non se alcance o número mínimo de corais requiridos, non se realizará o evento. Esta medida

Praza Consistorio 1 36430 ARBO – (Pontevedra) Telf.:986665000
Email:oficinas.concellodearbo@gmail.com





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

tómase para asegurar que o certame manteña un nivel adecuado de calidade e competitividade, ofrecendo unha experiencia enriquecedora tanto para os participantes como para o público asistente.

Para calquera aclaración poden contactar coa organización mediante o correo electrónico oficinas.concellodearbo@gmail.com ou no teléfono 986 66 50 00

SEGUNDA. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as agrupacións corais que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén as corais que estean inscritas na Federación Coral Galega FECOGA que non sexan profesionais nin pertencen a ningunha escola profesional ou semiprofesional de música, sen ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela).

Os coros participantes deberán estar compostos por un número mínimo de 8 coralistas (sen contar ao director).

Si se incumprise esta base o grupo quedaría fóra do concurso.

As persoas, asociacións ou entidades directamente vinculadas á organización do evento non poderán participar no Certame para garantir a imparcialidade, a equidade, asegurar a obxectividade e evitar conflitos de interese durante o desenvolvemento do certame.

TERCEIRA. INSCRICIÓNS

O prazo de inscrición será de UN MES dende o día seguinte da publicación das presentes BASES no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ás 15.00 h.

As Corais interesadas deberán enviar a instancia en modelo normalizado que figura no Anexo a estas bases, coa seguinte documentación pola sede Electrónica do Concello de Arbo:

Praza Consistorio 1 36430 ARBO – (Pontevedra) Telf.:986665000
Email:oficinas.concellodearbo@gmail.com





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

- Curriculum Vitae que inclúa a súa actividade de a lo menos os últimos 2 anos.
- Fotografía
- Declaración xurada conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de musica.
- Unha gravación propia realizada nos últimos 2 anos que inclúa a lo menos 3 pezas do seu repertorio.
- Un exemplar das partituras das obras de libre elección a interpretar.
- Certificado da entidade bancaria co número de conta do coro.

E indispensable encher adecuadamente e claramente todos e cada uns dos apartados do boletín de inscrición, presentando especial atención o número de compoñentes, persoas, teléfonos, correo electrónico e dirección de contacto.

A solicitude de participación implica a aceptación plena das presentes bases.

CUARTA. COMITÉ ORGANIZADOR

O comité organizador estará composto polo Alcalde do Concello de Arbo, ou persoa en quen delegue; Presidente/a da Coral Polifónica de Arbo ou persoa en quen delegue e Presidente da Banda de Musica de Arbo ou persoa en quen delegue e un secretario/a que levantará acta.

QUINTA.- SELECCIÓN DE CORAIS PARTICIPANTES

O Concello de Arbo mediante o Comité Organizador elixirá como mínimo tres e como máximo cinco corais das inscritas para formar parte do Certame tendo en conta a documentación aportada. O Comité xuntarase aos 5 DÍAS de rematar a presentación de solicitudes.

Os criterios de selección serán o historial da Coral e a calidade musical das súas interpretacións.

Da deliberación do Comité de Selección levantarase acta, que se publicará e comunicará as todas as Corais que presentaron solicitude, no prazo máximo DEZ DÍAS.





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

O comité organizador gardase o dereito a sancionar as agrupacións se mostran algún tipo de mal comportamento que prexudique o desenrolo do certame , poñéndoo en coñecemento do xurado a hora da deliberación.

SEXTA. OBRAS A INTERPRETAR E ORDE DE ACTUACIÓN

Os Coros participantes deberán interpretar TRES OBRAS neste orden:

- Obra de presentación fora de concurso,.
- A Obra de Concurso OBRIGADA “O ARCO DA VELLA” de Xavier Comesaña.
- Obra de libre elección.

O tempo total do que disporá cada Coral para a súa actuación, non excederá de 25 minutos, incluída a obra de presentación (tempo conxunto de permanencia no escenario dende o momento no que se empeza a interpretar a primeira partitura)

Calquera rectificación ou cambio nas obras para elixir deberá someterse á aceptación por parte da organización, como mínimo, 7 días antes do comezo do concurso e ao mesmo tempo presentar as partituras lexibles dos devanditos temas.

As corais seleccionadas non poderán elixir o mesmo repertorio dentro das obras de elección, polo que se respectarán aquelas elixidas pola coral que primeiro rexistrase a súa inscrición, debendo cambiar o resto o seu repertorio.

As corais seleccionadas actuarán segundo a orde fixada por rexistro de entrada da inscrición.

SÉTIMA. PREMIOS

O fallo do xurado emitirase ao final da actuación das corais participantes, deixando constancia en acta levantada ao efecto,.





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Establécense os seguintes premios:

PRIMEIRO PREMIO SEGUNDO GIL DAVILA.....900€.- e Trofeo
SEGUNDO PREMIO400€.- e Trofeo
TERCEIRO PREMIO.....300€.- e Trofeo

PREMIO FECOGA dotado de 500,00€.- a mellor interpretación da obra obriga de concurso.

Como axuda xeral aos coros Participantes no día do Certame e que NON sexan GAÑADORES, abonaráselles unha axuda de 200€.-. ademais dun agasallo conmemorativo da súa participación no Certame.

O importe do 1, 2º e 3º premio, así como a axuda xeral aos coros participantes no día do certame e non gañadores, será sufragado con cargo a aplicación orzamentaria 330.48 dos orzamentos cara o exercicio 2026 quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamentos do exercicio 2026.

Ditos premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O importe líquido dos premios farase efectivo mediante transferencia bancaria á conta facilitada polos premiados que deberán ser os titulares da mesma.

O PREMIO FECOGA A MELLOR INTERPRETACIÓN DA OBRA DE CONCURSO por importe de 500,00 euros será entregado por un representante de FECOGA á agrupación que resulte mellor valorada polo xurado do Certame.O Concello de Arbo non se fará cargo das posibles repercusión fiscais que os premios poidan orixinar.

OITAVA. XURADO E VEREDICTO

Os membros do xurado serán designados por Resolución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arbo entre personalidades relevantes do mundo da música, sendo un total de catro. Do Xurado tamén formará parte o Alcalde-

Praza Consistorio 1 36430 ARBO – (Pontevedra) Telf.:986665000
Email:oficinas.concellodearbo@gmail.com





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Presidente do Concello de Arbo, ou persoa que a substitúa legalmente, que terá voz pero non voto.

O xurado valorará a calidade, dificultade das obras, afinación, técnica, interpretación e sonoridade.

O fallo do xurado farase público a finalización do certame e será inapelable. Os premios son indivisibles e pode ser declarado deserto algún ou algúns dos mesmos.

Da deliberación levantarase acta asinada por todos os membros do xurado e donde figurarán as corais premiadas, a puntuación obtida e o premio asignado a cada unha.

NOVENA. ACEPTACIÓN E INTERPRETACIÓN DAS BASES E PRIVACIDADE

A participación no Certame Galego de Corais implica a aceptación das bases presentes. A súa interpretación e calquera aspecto non previsto nas mesmas resolverase por parte da organización, tras consultar, no seu caso, aos membros do xurado.

A organización poñerá o material, locais e persoal necesario para o desenvolvemento do concurso.

A publicidade e difusión do concurso correrá por conta da organización, para o que as corais poñerán á súa disposición dossier e fotografías da masa coral.

A organización poderá gravar discográficamente, en vídeo ou outro soporte as obras interpretadas no concurso, polo cal as corais non poderán esixir dereitos de interpretación e imaxe, nin negarse á gravación ou emisión por radio ou televisión.

A Organización resérvase o dereito de modificar calquera apartado das bases así como a anular o presente Concurso en calquera momento, comunicándose con suficiente antelación aos coros rexistrados.





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Os concursantes ceden os dereitos de imaxe das súas actuacións no caso de que estas fosen gravadas pola organización para a súa difusión nas súas redes sociais.

Tanto o Comité organizador, como o xurado, están habilitados para a interpretación destas normas e resolver calquera dúbida que se presente.

DÉCIMA. PUBLICIDADE DAS BASES

A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Arbo e na paxina web do Concello

NORMA FINAL. Normas en materia de Protección de datos Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (certame) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente. Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento. En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572. De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

O Alcalde. Horacio Gil Expósito. Documento asinado dixitalmente á marxe.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICION XI CERTAME GALEGO DE CORAIS VILA DE ARBO:

Praza Consistorio 1 36430 ARBO – (Pontevedra) Telf.:986665000
Email:oficinas.concellodearbo@gmail.com





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

D/D^a _____, con NIF _____, e domicilio _____ en representación da _____ con CIF: _____, aos efectos do previsto nas bases ACEPTO aceptación as bases do XI CERTAME GALEGO DE CORAIS VILA DE ARBO E DECLARO:

O NOME DO GRUPO CORAL:

_____.

O NUMERO COMPOÑENTES: _____.

A OBRA DE PRESENTACIÓN:

AUTOR _____ DURACION: _____.

A OBRA DE LIBRE ELECCIÓN:

_____.

AUTOR: _____ DURACION: _____.

ENDEREZO: _____.

PERSOA DE CONTACTO: _____.

Praza Consistorio 1 36430 ARBO – (Pontevedra) Telf.:986665000
Email:oficinas.concellodearbo@gmail.com





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

TELEFONO:_____.

CORREO ELECTRÓNICO:_____.

A _____ de _____ do 2025

Selo e firma

Estes datos serán incorporados a un ficheiro titularidade do Concello de Arbo. Informamos que poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos en dita lei a través dun escrito dirixido ao Concello de Arbo.

PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	Concello de Arbo
Finalidades do tratamento	Xestionar as solicitudes de inscrición no Certame de Corais Vila de Arbo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o consentimento das persoas interesadas.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas propias competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos





Concello de Arbo
CIF: P3600100F

	ou revocar o consentimento segundo o previsto en https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=573
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572

